

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 9 DE MARZO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día nove de marzo de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio José Cuiñas Otero.-

Está presente o Secretario do concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan ser os seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 2 de marzo do dous mil nove (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

1.- EXPEDIENTE RIB/N/88.1/08

“Visto o escrito do INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, onde solicita Licenza de obra segundo Proxecto Básico e de Execución para rehabilitación na rúa Salgado Moscoso, que se presenta.

Vistos os informes da arquitecta Dona Mercedes Álvarez López de datas 24.11.08 e 2.03.09 no que se fan as seguintes consideracións, respectivamente:

Informe de data 24.11.08:

“O citado “Proxecto Básico e de Execución para Rehabilitación na rúa Salgado Moscoso” está redactado polo arquitecto D. Miguel Ángel Calvo Salve.

Non presentándose os Oficios de Dirección das Obras, nin de Dirección da Execución Material das Obras, nin de Coordinación en materia de Seguridade e Saúde.

O Proxecto de Control Arqueolóxico está redactado polo arqueólogo Celso Hugo Barba Seara, estando autorizado pola Consellería de Cultura e Deporte, con data de 24 de outubro de 2008.

Trátase dunha edificación, de planta baixa e tres plantas altas, con fachada principal cara á rúa Salgado Moscoso e fachada posterior cara patio. Paramentos de fachadas de pedra nas dúas plantas inferiores e con acabado enfoscado nas dúas restantes; nestas últimas presenta balcón corrido, con zona pechada na parte máis próxima á Casa da Inquisición.

O uso da edificación é de vivenda; sen embargo, o estado actual de conservación da edificación é moi deficiente, atopándose na actualidade sen uso.

A actuación proxectada comprende a remodelación interior completa, con nova distribución e incluíndo a substitución da estrutura horizontal por outra a base de vigas de madeira laminada con piares tamén de madeira laminada na liña de

fachadas, coa finalidade de destinar as plantas altas a uso de vivenda e na planta baixa uso de local, independente da vivenda.

Na Ficha Particular do documento do P.E.P.R.I., a nomeada edificación está contemplada:

Protección Ambiental.

Planeamento:

Tipos de Obras: Ordenanzas

Alturas: Mantéñense.

Ocupación: Ordenanzas.

Alineacións Exteriores: Mantéñense.

Alineacións Interiores: Ordenanzas.

No Proxecto presentado, dado o estado actual de conservación da edificación, así como a existencia de engadidos na súa fachada posterior, modifícase a configuración volumétrica da edificación, liberando o patio en todas as plantas o que supón unha diminución de volume en planta baixa e planta primeira, trasladando dito volume a planta segunda e terceira, coa finalidade de acadar un espazo interior máis lóxico, así como a configuración de fachada na medianeira posterior existente; todo elo sen superar o fondo máximo permitido polo artigo 39. Fondo Edificable das Ordenanzas.

Observacións da Ficha Particular:

- En calquera actuación conservarase a solución construtiva de fachada.

- Adecuarase a baixante á normativa.

No Proxecto presentado mantense a solución construtiva de fachada, eliminándose a zona de balcón pechado máis próxima á Casa da Inquisición, que presenta lousa de formigón, por entender que se trata dunha actuación non orixinal e que altera a percepción da citada Casa da Inquisición. A parte de fachada correspondente a esta zona de balcón eliminada proxéctase con remate de entaboadado de madeira pintado en cor vermella escura.

A fachada posterior, dado o estado actual precario, rediseñase na súa totalidade, planteando ocos verticais con zonas opacas de sillares de granito en planta baixa, e morteiro de cal e entaboadado de madeira en plantas altas.

RESPECTO DAS ORDENANZAS XERAIS DO P.E.P.R.I. deberán cumprirse os seguintes artigos:

- Artigo 14: Carácter do Catálogo do Conxunto Histórico

- Nivel III: Protección Ambiental

Neste grupo inclúense aqueles inmobles e elementos con valor arquitectónico, decorativo, popular, pintoresco, típico e ambiental que polas características da súa fachada ou tipoloxía formal e por contribuír á configuración da escena urbana, individualmente ou en conxunto, deben conservarse cós detalles ambientais e estéticos orixinais cos caracterizan.

- Artigo 29.- Elementos saíntes e de coroación de fachadas: beirís, cornixas e petos.

Non se admitirá a prolongación de forxados fóra do plano da fachada.

Os remates de fachadas executarase mediante beirís ou cornixas, agás casos excepcionais cando se xustifique por adaptación dunha nova edificación ás súas colindantes, para a súa configuración interpretarase ou repetiranse solucións tradicionais, non podendo formarse o beiril ou cornixa, en ningún caso, mediante o voo do forxado da última planta en todo a súa espesura.

O voo dos aleiros non superará a lonxitude máxima de 40 cm.

Admitiranse solucións tradicionais con beiril e balcón corrido na última planta co plano de fachada lixeiramente recuado ata alcanzar unha profundidade máxima de 1 m. entre o borde exterior do aleiro e a cara exterior do paramento de pechamento.

As impostas, molduras e cornixas poderán realizarse en pedra e outros materiais admitidos na composición da fachada, definindo unha molduración que posibilite a diminución do seu canto, de tal forma que no seu extremo non sexa superior a 15 cm., sobre o plano de fachadas.

Non se autoriza a coroación de fachadas mediante antepeitos ou petos.

En calquera actuación as solainas existentes con telladiño manteranse. Os telladiños conservarán as súas condicións construtivas.

No Proxecto presentado, o remate das fachadas resólvese sen beiril, o que non se axusta ás solucións tradicionais nin a preexistencia desta edificación, que se remata con aleiros de madeira de aproximadamente 40 cm.

Ademais considerase que a proposta para o tellado de balcón de fachada principal, independente do faldón de cuberta e con remate de cobre, tampouco responde ás solucións tipolóxicas.

Esta técnico considera que, dada a Protección Ambiental do inmovible, os dous elementos, aleiros e cuberta de balcón de fachada principal, deberán resolverse respectando ás citadas solucións tradicionais.

- Artigo 47.- Materiais. 47.1.- Fachadas

- Prohibese a imitación de materiais de calquera tipo debendo utilizarse estes no seu verdadeiro carácter e sentido construtivo, sen falseamento de fábricas e funcións.
- Prohibese o ladrillo visto e materiais vítreos ou cerámicos.
- Cando se trata de restauracións de edificios catalogados atenderase en cada caso á recuperación dos elementos construtivos orixinais...

No Proxecto plantease o remate de fachada de planta segunda e terceira, a esquerda do elemento voado e colindante coa Casa da Inquisición, con entabado de madeira en cor.

Esta técnico considera que esta solución entra en contradición coa intención de potenciar a percepción visual da Casa da Inquisición e que produce un encontro sen continuidade coa medianeira esquerda da vivenda a rehabilitar, polo que se considera máis correcto a resolución do acabado deste pano de fachada mediante morteiro de cal ou similar.

- Artigo 51.- Carpintería exterior de ocos de fachada.

- Nas plantas altas recomendase a carpintería con apertura cara o exterior e achaiada en faces exteriores de fachada.

No estado actual, a carpintería exterior de plantas altas sitúase na cara exterior do cerramento; no Proxecto, a carpintería de plantas segunda e terceira plantease na cara interior. Esta técnico considera a necesidade de respectar a disposición orixinal.

RESPECTO DO CUMPRIMENTO DO DECRETO 262/2007, DO 20 DE DECEMBRO, POLO QUE SE APROBAN AS NORMAS DO HÁBITAT GALEGO:

O presente Proxecto conta coa Concesión da Excepcionalidade, de data de 7 de novembro de 2008, dos apartados II.A.3.10 e II.A.3.13.I., referidos a non poder inscribirse un cadrado de 1,50 m. de lado no acceso da vivenda e acadar o largo mínimo de 1,00 m. no corredor de acceso ós dormitorios; e por non dispor da preinstalación de bidé; respectivamente.

RESPECTO DA DOCUMENTACIÓN ENTREGADA:

Data de Visado do Proxecto: 27 de xuño de 2008.

A edificación que se pretende rehabilitar está composta por planta baixa para uso de local comercial e de acceso, lavadoiro e sala de caldeiras da vivenda; planta primeira, segunda e terceira destinada a uso de vivenda unifamiliar. A superficie construída do local de planta baixa é de 25,10 m², sendo a súa superficie útil de 21,00 m²; a superficie construída total da vivenda é de 163,10 m², sendo o total da súa superficie útil de 109,82 m².

Planta.....	superficie útil.....	Uso
Baixa.....	21,00 m ²	local.
Baixa.....	15,20 m ²	vivenda.

Primeira.....27,90 m².....vivenda (corredor, 2 dormitorios, baño).
Segunda.....38,05 m².....vivenda (corredor, salón – comedor - cociña).
Terceira.....28,70 m².....vivenda (corredor, dormitorio ppal., baño).

O Presuposto de Execución Material que se estima no Proxecto Básico e de Execución presentado é de 173.250,76 € (cento setenta e tres mil douscentos cincuenta euros con setenta e seis céntimos).

En base a todo o exposto anteriormente infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada, debendo axustarse ás condicións antes sinaladas, e debendo presentarse, antes do Inicio das Obras os correspondentes Oficios de Dirección das Obras, de Dirección da Execución Material das Obras e de Coordinación en materia de Seguridade e Saúde.

O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Estarase ó disposto no Informe do Arqueólogo Municipal.”

Informe de data 2.03.09:

“Vista a documentación e o escrito de referencia estimo oportuno informar o seguinte:

O citado “Modificado I” do “Proxecto Básico e de Execución para Rehabilitación na rúa Salgado Moscoso” está redactado polo arquitecto redactor do Proxecto: D. Miguel Ángel Calvo Salve.

No nomeado documento, “Modificado I”, dáse cumprimento ó solicitado na Comisión de Seguimento do P.E.P.R.I. de data de 15 de decembro de 2008, manténdose o Presuposto de Execución Material que se estima no Proxecto Básico e de Execución de 173.250,76 € (cento setenta e tres mil douscentos cincuenta euros con setenta e seis céntimos).

É polo que se informa favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada, debendo presentarse, antes do Inicio das Obras, os correspondentes Oficios de Dirección das Obras, de Dirección da Execución Material das Obras e de Coordinación en materia de Seguridade e Saúde.”

Visto o dictamen da Comisión de seguimento do PEPRI do 15.12.08, do que resulta o seguinte:

“Infórmase favorablemente á Proposta presentada por INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO, CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO, XUNTA DE GALICIA, relativa a Proxecto básico e de execución para rehabilitación na rúa Salgado Moscoso, que deberá cumprir as condicións reflectidas no informe da arquitecta dona Mercedes Álvarez López.”

Visto o Informe Xurídico no que se fan as seguintes consideracións:

1.-A este respecto debemos partir da previsión do art. 195 parágrafo 3º da lei 9/2002 que establece que se exceptúa da necesidade de presentación de proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores, considerándose como menores aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade constructiva e económica que non supoña alteración do volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común ou do número de vivendas de locais, nin afecten ao deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalación de toda clase. Así mesmo establece que en ningún caso se entederan como obras menores os muros de contención.

2.- Por outra banda a xurisprudencia do STS entende que son obras menores aquelas caracterizadas por ser de sencilla técnica e escasa entidade constructiva e económica consistindo normalmente en pequenas obras de simple reparación, ornato, ou cerramento que non precisan de proxecto firmado por provisionais titulados nin de orzamentos elevados (STS do 21 de Febreiro de 1984). Ademais a STS do 21/02/84 entende que son obras maiores as que afecten a estrutura do inmovible.

3.- En base a argumentación exposta, en principio a licenza para o proxecto para rehabilitación da rúa Salgado Moscoso, trátase dunha obra maior que precisa de proxecto técnico.

4.- De acordo co art. 16 do PEPRI ao tratarse dunha obra maior precisaría do dictamen da Comisión de seguimento que foi obtido o 31.01.08 con carácter favorable.

5.- De conformidade co art. 21 do PEPRI as obras que se pretenden realizar son obras permitidas, procedéndose a subsanación das deficiencias relativas as fachadas e a carpintería exterior, deficiencias as que se facía referencia no informe técnico do 24.11.08 e que de acordo co informe técnico de data 2.03.09 foron subsanadas.

CONCLUSIÓN

Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas nos correspondentes informes técnico e xurídicos

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda outorgamento da licenza para rehabilitación na rúa Salgado Moscoso.”

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística, que deberá ser interesada polo solicitante da licenza.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada

automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: rehabilitación na rúa Salgado Moscoso.

Contía na que se orzan as obras: 173.250,76 €

Situación e emprazamento das obras: Salgado Moscoso nº24

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: don Miguel Angel Calvo Salve.

Nome ou razón social do promotor: INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO

Prazos: O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate de un (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 173.250,76 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras por importe de 4.504,52 a ingresar.

Outras condicións: As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente. O promotor da intervención ten a obriga de comunicar, coa debida antelación, o inicio das obras para que se poida programar dende a oficina do P.E.P.R.I. o oportuno seguimento das obras.

Condicións técnicas: Infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada, debendo axustarse ás condicións antes sinaladas, e debendo presentarse, antes do Inicio das Obras os correspondentes Oficinos de Dirección das Obras, de Dirección da Execución Material das Obras e de Coordinación en materia de Seguridade e Saúde.

1.- EXPEDIENTE 01/04/2008/1887-OM.

“Visto o escrito de **dona Raquel Alonso Miguélez**, onde solicita Licenza de obra segundo Proxecto Básico e de Execución para reforma e ampliación de casa vivenda na Franqueirán, que se presenta.

Vistos o informe do aparelador municipal don Elias Pato Rodríguez de data 3.03.09 no que se fan as seguintes consideracións:

“En dito plano representase a parcela sobre a que se pretende construír a vivenda unifamiliar cos seus correspondentes lindeiros, posición respecto ao camiño así como os terreos de cesión e alineación de cerre que será a catro metros do eixe e os terreos de cesión que se cuantifican en 67 metros cuadrados, cesión que se formalizará segundo proceda.

Examinado o expediente non foi aportado o encargo da Dirección de Execución. A súa necesidade regulamentaria indicouse no informe de data 9 de maio de 2008 punto 4.2.

Os informes técnicos que constan no expediente administrativo son:

- Condicións urbanísticas de 16 de xullo de 2007.
- Informe técnico de 8 de maio de 2008 RE Nº2840.
- Informe técnico de 9 de maio de 2008 RE Nº2914.
- Informe técnico de 30 de maio de 2008 RE Nº3323.
- Informe técnico de 4 de xullo de 2008 RE Nº4093.
- Informe técnico de 29 de xaneiro de 2009 RE Nº871.”

Visto o Informe Xurídico no que se fan as seguintes consideracións:

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

1º.- O artigo 9 da Lei 9/2002 establece:

“Deberes de uso, conservación e rehabilitación.

1.Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e de acordo coas normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

2º.- Respecto os usos que se poden realizar neste tipo de solo o artigo 25 establece que se poderán realizar obras de conservación e restauración das edificacións existentes, sempre e cando non supoñan variación das características esenciais do edificio, nin alteración do lugar, do volume e da tipoloxía tradicional, en todo caso, axustaranse ó disposto no artigo 29 desta Lei, do cal interesa destacar fundamentalmente o parágrafo b) no que se recolle que as características estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento. Neste sentido, para o acabado das edificacións, empregárase a pedra ou os materiais tradicionais e propios da zona. En casos xustificadas pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais que harmonicen cos valores naturais, a paisaxe rural e as edificacións tradicionais do contorno.

3º.- En relación con estas esixencias de adaptación ao ambiente consideramos aplicable o artigo 104 da LOUGA que establece o seguinte:

Adaptación ao ambiente:

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas e para tal efecto:

a.- As construcións en lugares inmediatos ou que formen parte dun grupo de edificios de carácter artístico, histórico ou tradicional deberán harmonizar con el. Igualmente, cando, sen existir un conxunto de edificios, houberse algún de grande importancia ou calidade dos caracteres indicados.

b.- Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas prespectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais, e nas inmediacións das estradas e camiños de traxectos pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfigure a prespectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c.- A Tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións, e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

d.- Queda prohibida a publicidade estática, que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescripcións.

e.- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezcan en mellor medida a integración no contorno no inmediato e na paisaxe.

f.- Nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como inundación, afundimento, incendio, contaminación, explosión ou outros análogos, non se permitirá ningunha construción, instalación ou calquera outro uso do solo que resulte susceptible de padecer estes riscos.

4º.- A realización das actuacións de reforma e ampliación de casa vivenda tamén estaría amparada pola ordenanza 4.11 das Normas subsidiarias en relación co artigo 9 da LOUGA en canto que no apartado 4.11.3.1 estaría recollido como uso admitido a vivenda familiar illada, artigo que interpretado en relación co artigo 9 da LOUGA permite entender que si se permite a vivenda familiar illada tamén se debe permitir a súa conservación.

CONCLUSIÓN

Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas no corresponde informe xurídico.”

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda outorgamento da licenza para rehabilitación na rúa Salgado Moscoso.”

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística, que deberá ser interesada polo solicitante da licenza.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: reforma e ampliación de casa vivenda na Franqueirán.

Contía na que se orzan as obras: 87.380,00 €

Situación e emprazamento das obras: A Franqueirán

Redactor do proxecto e dirección execución material das obras: don Luis Yagüe Rivera

Nome ou razón social do promotor: dona Raquel Alonso Míguez.

Prazos: O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate de un (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 87.380,00 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, intalacións e obras por importe de 2.271,88 coincidente coa coantía xa abonada.

Outras condicións: As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente, de xeito que se deberá proceder a cesión

obligatoria de terreos cuantificados en 67 metros cuadrados de conformidade co informe técnico, procedéndose en caso contrario a imposición das sancións correspondentes.

Condicións técnicas: Infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada, debendo axustarse ás condicións antes sinaladas, e debendo presentarse, antes do Inicio das Obras os correspondentes Oficios de Dirección das Obras, de Dirección da Execución Material das Obras e de Coordinación en materia de Seguridade e Saúde.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

RECTIFICACIÓN ERRO MATERIAL.

Visto o escrito de solicitude de don Guillermo López Carballal en relación co outorgamento da licenza RIB/S/224/07, na Xunta de Goberno de data 26.01.09 solicítase a rectificación de erro material, de xeito que:

Onde dí:

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: don Jose Benito Dávila Fuertes.

Debe dicir:

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: don Luis Antonio Chao Gómez e Dirección de Execución don Marcos Chao Amaro.

PRORROGA DE EXECUCION DE LICENZA DE OBRAS

“Escrito de Don Jorge Marcial Díaz González con domicilio en rúa Álvarez Araujo nº40, 32400 Ribadavia con data de RE 03.03.09 e núm. 1547 donde solicita a prórroga para execución das obras autorizadas mediante resolución de alcaldía de data 27.08.08 con núm. de rexistro de saída 2216.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local outórgaselle unha prórroga de tres meses para a realización das devanditas obras.

PRORROGA DE EXECUCION DE LICENZA DE OBRAS

“Escrito de dona M^a Magdalena González Rodicio con domicilio en Estrada Carballiño nº61, San Cristovo con data de RE 02.03.09 e núm. 1535 donde solicita a prórroga para execución das obras autorizadas mediante resolución de alcaldía de data 29.02.08 con núm. de rexistro de saída 566.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local outórgaselle unha prórroga de seis meses para a realización das devanditas obras.

PRORROGA DE EXECUCION CONTRATO DE OBRAS

“Escrito de dona Begoña Arregui Rodríguez e dona Mercedes Álvarez López arquitectas directoras da obra “Acondicionamento de Local para Sala de Ensaio” na Casa de Cultura de Ribadavia donde solicita a prórroga para execución das obras ata o 31 de marzo de 2009, dado a coincidencia do citado período coas Festas de Nadal, nas que se realizaron actos na Casa de Cultura que obrigaron a interrupción das obras.

Consta informe xurídico no que se fan as seguintes consideracións:

1.- O artigo 197 paragrafo 2º establece que si o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e éste ofrecera cumprir os seus compromisos dándolle prórroga do tempo que se lle sinalara, concederáse pola Administración un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o

contratista pedise outro, pronunciándose en termos casi completamente idénticos a cláusula nº33 do Prego de cláusulas administrativas particulares.

2.- Así mesmo o artigo 23.2 establece o seguinte o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezcan inalterables durante o período de duración de éstas e que a concurrencia para a súa adxudicación fose realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

